

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15003212	IES Agra de Raíces	Cee	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos do 3^a curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A educación en valores cívicos e éticos constitúe un requisito necesario tanto para o exercicio activo e responsable da cidadanía como para o desenvolvemento da autonomía moral e da personalidade do alumnado. Estes dous propósitos se encontran relacionados entre si, en canto non é posible un exercicio activo e responsable da cidadanía democrática sen un compromiso ético persoal, libre e fundamentado, con determinados principios e valores. De aí a necesidade de que toda educación cívica ou en valores estea traspasada por ese exercicio reflexivo e crítico sobre a moral individual e colectiva que representa a ética filosófica. En termos xerais, e de acordo cos obxectivos educativos e co perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, a formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas, e actitudes, así como os valores que lle permiten ao alumnado tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, afrontar cuestións éticas fundamentais e adoptar unha actitude consecuente co carácter interconectado e ecodependente da súa vida en relación coa contorna; todo iso co obxecto de poder apreciar e aplicar con autonomía de criterio aquelas normas e valores que rexen a convivencia nunha sociedade libre, plural, xusta e pacífica.

A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos supón un maior nivel de profundación e desenvolvemento dos catro ámbitos seguintes: O do autoconhecimento e o desenvolvemento da autonomía moral. O segundo atende á comprensión do marco social de convivencia e ao compromiso ético cos principios, valores e normas democráticas que o rexen dentro do contexto da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. O terceiro refírese á adopción de actitudes compatibles coa sustentabilidade da contorna desde o entendemento da nosa ecodependencia con el. E, finalmente, o cuarto, máis transversal e dedicado á educación das emocións, ocúpase de desenvolver a sensibilidade e a conciencia e xestión dos afectos no marco da reflexión sobre os valores e os problemas éticos, cívicos e ecosociais. Pola súa vez, cada un destes ámbitos competenciais desenvólvese en dous niveis integrados: un máis teórico, dirixido á comprensión significativa dos conceptos e cuestións máis relevantes da materia; e outro, máis práctico ou instrumental, orientado a promover, desde a reflexión crítica e o diálogo argumentativo, condutas e actitudes acordes con aqueles valores éticos, cívicos e ecosociais que orientan á convivencia.

O contexto do IES Agra de Raíces que se ten en conta para o deseño desta programación e onde se desenvolverá a mesma atende aos seguintes datos:

A ubicación está no municipio de Cee (A Coruña). O alumnado que acude a este Centro procede tanto do mesmo pobo, como da contorna e da comarca de Fisterra.

Os grupos que atinxen á materia, 3^o de ESO, están compostos por: 20 alumnos e alumnas en 3^oA, 19 alumnas e alumnos en 3^o B e 17 alumnas e alumnos en 3^oC e 8 alumnos e alumnas en 3^o D. Todo este alumnado ten idades comprendidas ao inicio do curso entre os 14 e os 16 anos. Terase en conta os casos dos alumnos con NEAE, adaptando o currículo ás súas necesidades.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Quen son eu? E quen es ti? (Identidade Individual e Social I)	Abordaremos a natureza humana, a época da adolescencia así como a identidade individual e os afectos do ser humano.	16	5	X		
2	Que me leva a actuar como o fago? (Identidade Individual e Social II)	Abordaremos a natureza humana, a época da adolescencia así como a identidade social, así como a dimensión sociocultural do ser humano.	17	4	X		
3	A Democracia	Análise das diversas formas de organización social e política, así como a orixe, concepto e as características da democracia, a Constitución, o estado actual español, as comunidades autónomas e a memoria democrática, entre outros aspectos político-democráticos.	17	9		X	
4	Os Dereitos Humanos	Estudaremos as súas características, evolución histórica até chegar á Declaración Universal.	17	6		X	
5	Desigualdade nun mundo global (Sustentabilidade e Medio Ambiente I)	En que consiste a globalización e as desigualdade que xera entre países e dentro deles.	17	6			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	R-evolución-ate (Sustentabilidade e Medio Ambiente II)	Que podes facer ti para que o mundo sexa un lugar mellor, tendo como referencia movementos, persoas activistas, analizaremos a nosa responsabilidade.	16	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Quen son eu? E quen es ti? (Identidade Individual e Social I)	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Expresar de xeito oral ou escrito que capacidades nos caracterizan como humanos e como podemos chegar a coñecernos a nós mesmas.	TI	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Expresar de xeito oral como son as nosas emocións, afectos, desexos cara nós mesmas e as demais persoas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A natureza humana. - Liberdade e moralidade como características especificamente humanas. - A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital. - A educación de emocións e sentimentos. - A autoestima persoal. - A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas. - A educación afectivo-sexual.

UD	Título da UD	Duración
2	Que me leva a actuar como o fago? (Identidade Individual e Social II)	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Desenvolver de xeito escrito un dilema moral no que se inclúen conceptos éticos básicos, ser capaz de debatilo no grupo clase.		
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Fai aportacións en pequeno grupo e no grupo clase de xeito respectuoso e aportando información pertinente.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos. - O obxecto da ética. - A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar. - Análise das accións. - Os motivos da acción: desexos e razóns. - A vontade como razón práctica. - A autonomía da vontade. - A responsabilidade das accións. - A ética e as éticas como guías das nosas accións. - O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais. - Universalismo e pluralismo moral. - Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude. - Ética e dereito. - Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito. - O conflito lexitimidade-legalidade. - A obxección de conciencia. - Os dereitos individuais e os deberes cidadáns. - O debate sobre a liberdade de expresión. - A ética na sociedade actual.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O problema da desinformación. - A protección de datos e o dereito á intimidade. - O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais. - As condutas adictivas.

UD	Título da UD	Duración
3	A Democracia	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Demostra de xeito oral ou escrito un discurso baseado no recoñecemento e necesidade de respectar os dereitos LGTBIQ+ así como a cuestión da loita por unha efectiva igualdade de xénero.	PE	25
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Selecciona información axeitada á hora de investigar sobre a natureza social e política do ser humano e a súa complexidade.	TI	75
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Escoita activa no traballo en grupo, fai aportacións persoais que amplían o coñecemento sempre dende o respecto.		
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Artella unha exposición oral no que amosa coñecementos básico arredor das cuestións ética de actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A sociedade humana: natureza e orixe.

Contidos

- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.
- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.
- A convivencia social.
- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.
- A resolución pacífica de conflitos.
- A empatía cos demais.
- A política.
- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.
- Formas de Estado e tipos de goberno.
- A democracia: principios, procedementos e institucións.
- O Estado español como estado social e democrático de dereito.
- Valores constitucionais.
- A memoria democrática.
- A igualdade de xénero.
- As diversas ondas e correntes do feminismo.
- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.
- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
4	Os Dereitos Humanos	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Coñece e expón de xeito escrito cales son os Dereitos Humanos e a súa importancia para o benestar social.		
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Coñece e expón oralmente os organismos, institucións así como activistas que traballan para contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os dereitos humanos. - Referente moral da democracia e a xustiza social. - Xeracións e historia dos dereitos humanos. - Dereitos da infancia. - Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza. - A participación democrática: ser cidadáns. - Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado. - A procura da xustiza social. - A desigualdade económica e a loita contra a pobreza. - Globalización económica e bens públicos globais. - O comercio xusto. - O valor social dos impostos. - A sociedade e a cidadanía plural. - O interculturalismo. - A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero. - Os dereitos LGTBIQ+. - A convivencia pacífica e segura. - A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A atención ás vítimas da violencia. - Accións individuais e colectivas en favor da paz. - A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación. - O dereito internacional e a cidadanía global. - As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz. - O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.

UD	Título da UD	Duración
5	Desigualdade nun mundo global (Sustentabilidade e Medio Ambiente I)	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodpendencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Entende e nomea as causas e consecuencias máis graves dos problemas ecosociais.	TI	100
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Á hora de intervenir na aula, axúdase dos comentarios e aportacións dos compañeiros e compañeiros á hora de enriquecer as súas intervencións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente. - Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta. - Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodpendencia. - A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración. - Protección e dereitos dos animais. - Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais. - O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.

UD	Título da UD	Duración
6	R-evolución-ate (Sustentabilidade e Medio Ambiente II)	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Realiza un traballo escrito sobre as diferentes formulacións científicas políticas e éticas que afrontan a emerxencia climática.	TI	100
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Plantexar e realizar alo menos unha acción que contribúa a mellorar o desenvolvemento sustentable no seu propio centro.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta. - Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos. - Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable. - Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul. - Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable. - Consumo responsable e soberanía alimentaria. - Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais. - Xustiza ecolóxica. - Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo. - Ecofeminismo e ética do coidado.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As principais cuestións a abordar na materia deberían consistir, respectando sempre os ritmos de aprendizaxe de cada alumno e alumna, na realización de proxectos grupais nos que o propio alumnado teña que resolver conflitos e así desenvolver un fortalecemento da súa autonomía e responsabilidade en coherencia cos valores dunha cidadanía plural, crítica e democrática.

Así mesmo é de especial relevancia que o alumnado coñeza as canles de participación cidadá no marco da sociedade na que vive para que poida desenvolver estilos de vida saudábeis e sustentábeis e sobre todo baseados nunha

participación activa e cooperativa na que saiba poñer en práctica os valores comúns e o pensamento crítico que o fornecerá na súa madurez persoal e académica.

Os principios metodolóxicos nos que se basea a materia son a aprendizaxe significativa; isto é partindo dos coñecementos previos do alumnado ser capaces de aprender a aprender e establecer relacións directas entre a materia e a súa realidade. Por outra banda temos a aprendizaxe cooperativa, mediante a cal se desenvolverán proxectos de investigacións, exposicións conxuntas e debates, o que fortalecerá a empatía, as relacións sociais e académicas dentro da aula e no grupo clase. Aprendizaxe mediante o emprego das TICs, parte do traballo de aula será xestionado coa utilización de internet, videos divulgativos, exposicións interactivas, etc, con respecto a este último tipo de aprendizaxe, cómpre salientar a importancia de traballar a busca de información, así como as fake news, e a verificación de fontes á hora de buscar información.

Ao inicio de cada UD traballarase sobre os instrumentos de avaliación e a súa ponderación. Os obxectivos de cada unidade serán explícitamente presentados. Cada UD comezara cunha introdución para activar os coñecementos previos e terminara cun resume ou síntese final que enlazará coa seguinte UD.

A base do traballo que se fará na materia de valores estará encamiñado á investigación e á aprendizaxe autónoma a través de traballos individuais e grupais nos que desenvolver cuestións pertinentes aos contidos dende un punto de vista creativo e de descubrimento, por iso o xeito máis pertinente de avaliar será coa taboa de indicadores que constará de rúbricas/ou checklists de cada fase do traballo que se desenvolva.

- Rúbrica/Checklist participación
- Rúbrica/Checklist implicación
- Rúbrica/Checklist traballo escrito individual
- Rúbrica/Checklist traballo grupal
- Rúbrica/Checklist exposición oral

Contribuirase ao Plan TICs mediante o uso de EDIXGAL, coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas, etc.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
UDs de elaboración propia feitas polo profesorado da materia
Caderno persoal
Aula virtual da materia (EDIXGAL)
Lectura de textos relacionados co currículo da materia
Bibliografía e libros de consulta e de lectura
Fichas de actividades de reforzo, ampliación e consolidación
Dotación da aula (encerado dixital, tradicional, mesas, cadeiras...)

Cadas sesión terá lugar nun aula do centro cun ordenador conectado a internet e a pizarra con proxector e sonido. Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para a formación dos grupos. Os materiais escollidos teñen que ver coa aprendizaxe autónoma que vimos desenvolvendo. Por iso, as elaboracións propias aportadas polo profesorado, xunto cos libros(s) de lectura recomendada, van ser a base para que o alumnado poida desenvolver o seu traballo dun xeito satisfactorio.

Á hora de desenvolver o traballo de aula, serán as UDs propias elaboradas polo profesorado da materia, as tarefas, traballos, e actividades que o alumnado realice terán como base o caderno dixital, no que se compilarán todas as

actividades, reflexións e incluso aportación orais persoais á materia.

Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras dúas semanas de clase se levará a cabo unha proba inicial. Consistirá en preguntas abertas na que alumnado deberá dar resposta usando os argumentos que considere pertinentes e utilizando aqueles conceptos que lle permitan xustificar a súa resposta. Esta proba será de carácter oral e estará baseada en competencias e contidos básicos, o seu obxectivo é facilitar información sobre o alumnado de xeito individual, destrezas previas, dificultades de aprendizaxe ou especificidades que haxa que ter en conta á hora de programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación.

Nestas primeiras dúas semanas o docente observara ao alumnado para comprobar e reforzar as destrezas no uso das TICs.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación, levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	17	17	17	17	16	100
Proba escrita	0	0	25	0	0	0	4
Táboa de indicadores	100	100	75	100	100	100	96

Criterios de cualificación:

Ao final de cada avaliación, teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- Os traballos tanto individuais como en grupo, calquera que sexa o seu formato (traballo de investigación, reflexión persoal no caderno individual, comentarios de texto, tests ...), suporá o 90 % da cualificación global.
- O outro 10% será da valoración das exposicións orais tipo de tarefas e/ou traballos, tanto individuais como en grupo, que se propoñan suporán un 10% na cualificación. Poderán realizarse varios por trimestre e serán avaliadas por táboas de indicadores.

- Valoraranse positivamente as intervencións orais baseadas nunha argumentación clara, coherente, respectuosa das ideas, así como a implicación baseado no esforzo persoal á hora da responsabilidade co traballo diario da materia.

- Á nota de cada avaliación se lle aplican as seguintes regras de redondeo:

- Como norma xeral, ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5.
- Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.
- A nota poderá ser truncada ao enteiro inferior no caso de que o alumnado deixe algunha tarefa sen entregar sen motivo xustificado.

Criterios de recuperación:

Cunha avaliación continua e progresiva, íranse aplicando medidas de recuperacións en cada avaliación para facer un seguimento exhaustivo das dificultades que presente o alumnado. Polo tanto, deberanse realizar, de ser preciso, aqueles traballos e/ou probas escritas que non acaden un mínimo dun 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Terase en conta o Plan de Reforzo (artigo 51 da Orde do 8 de Setembro 2021 de atención á diversidade. O plan deberá ser elaborado polo profesorado que imparte a materia baixo directrices do departamento co coñecemento da titora ou titor.

O plan deberá ter como referentes os obxectivos da materia e adquisición de competencias.

Realizaráselle ao alumnado unha proposta de traballo completo e individualizado no que se desenvolvan os criterios mínimos exisibles en cada unidade didáctica.

Está proposta será resultado dun seguimento individualizado que se fará do alumnado revisando os traballos entregados por trimestre para poder asignar un novo traballo final.

6. Medidas de atención á diversidade

Para o alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo proporáanse medidas de reforzo adaptadas e individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual. Proporáanse, ao mesmo tempo, diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas. Así en cada unidade serán de elección individual unha batería de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...)

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso debemos ter en conta o plan específico personalizado que desenvolve o artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito crítico	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Orientación da conduta cara valores democráticos e éticos	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X

Observacións:

No ambiente da aula, e en todas as tarefas da materia:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Como noutras materias do Departamento de Filosofía, tanto os contidos como os instrumentos propios da disciplina, son especialmente axeitados para traballar as liñas trasversais do curriculum.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Olimpíada Filosófica	Presentación do alumnado á Olimpíada Filosófica na categoría de Dilemas Morais, Fotografía ou Video a determinar.			X

Observacións:

A olimpíada filosófica é una iniciativa educativa que pretende achegar a Filosofía ao alumnado de diferentes xeitos, e que ten como obxectivo fomentar o espírito crítico, o coñecemento e respecto de todo o alumnado galego que cursa materias do Departamento de Filosofía. Esta actividade está programada para a 3º avaliación.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.

Metodoloxía empregada
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Medidas de atención á diversidade
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
10. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens unha vez por avaliación, correspondendo coa avaliación. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesións previstas por UD foron as suficientes, así como as datas de inicio de final de cada UD.
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados